


Camariñas

Redacción

Primeira xuntanza do programa de dinamización para o turismo

O obxectivo é a creación de 'paquetes' para atraer visitantes

Os sectores económicos do Concello de Camariñas, en colaboración con representantes do sector hostaleiro, de Adterra e da Axencia de Desenvolvemento Local, tiveron esta semana a primeira xuntanza do Programa de Dinamización de destino Turístico para o municipio. Esta iniciativa está dividida en varias fases, e nesta primeira etapa realizaranse nove sesións grupais nas que se pretende formar un grupo de traballo mixto entre o sector público e o privado que defina e estableza as liñas prioritarias de desenvolvemento turístico do municipio.



Un momento da xuntanza que tivo lugar esta semana no Centro de Iniciativas do Concello

www.diarlocamariñas.com

Un dos obxectivos é tentar crear posibles 'paquetes' turísticos para diminuír a estacionalidade do sector, establecer sistemas de acollida para visitantes e mellorar a imaxe de Camariñas como destino de calidade. Á primeira sesión celebrada o pasado luns no Centro de Iniciativas da localidade, acudiron doce persoas. Houbo moita participación, con

intercambio de opinións entre os integrantes do grupo.

O sector

Ademais de reflexionar sobre a situación do sector en España, Galicia e a Costa da Morte, intercambiáronse opinións sobre a situación concreta

do Concello, así como dos problemas que o turismo leva aparellados. Outro dos temas abordados foi a necesidade de colaborar en rede entre todos os implicados do sector. A segunda sesión deste programa terá lugar o próximo luns 19 de maio e neste caso traballarase sobre as dificultades de

futuro que se presentan e sobre propostas de solucións consensuadas.

A segunda fase da iniciativa estará liderada pola Asociación de Empresarios de Camariñas, e poñerase en práctica unha rede de cooperación empresarial para o deseño do devandito 'paquete' turístico.